

REGULAMENTO IV CARREIRA CARNEIRO Ó ESPETO 2016

MORAÑA

1.- O Club de Atletismo +9 Moraña, en colaboración co Concello de Moraña, a Deputación de Pontevedra e La Caixa, organiza a Carreira Carneiro ó Espeto 2016, que terá lugar o domingo 24 de xullo a partir das 10:30 horas, estando situadas a saída e a meta na Rúa 5 de Santa Lucía (Moraña).

2.- A carreira é aberta á participación de calquera persoa, sen necesidade de ter licenza federativa.

3.- O percorrido será un circuíto semiurbano ó que se darán dúas voltas ata completar 10 km. As distancias a percorrer adaptaranse ás idades de cada categoría.

O circuíto será o seguinte: Rúa 5, Mos, Rúa 1, Rúa 12, Rúa Dr. Batallán, Rúa 3, Buelo, Rúa 7, Rúa 6, Rúa 5.

4.- Ás 10:30 será a primeira carreira.

A entrega de premios será a partir das 13:15 h.

5.- Categorias (masculina e feminina):

Pitufos: Nacidos a partir do ano 2011

Prebenxamíns: Nacidos nos anos 2010-2009

Benxamíns: Nacidos nos anos 2008-2007

Alevíns: Nacidos nos anos 2006-2005

Infantís: Nacidos nos anos 2004-2003

Cadetes: Nacidos nos anos 2002-2001

Xuvenís: Nacidos nos anos 2000-1999

Absoluta: Elite: de 18 a 34 anos

Veteranos A: masculino: de 35 a 39 anos

feminino: de 35 a 39 anos

Veteranos B: masculino: de 40 a 44 anos

feminino: de 40 a 44 anos

Veteranos C: masculino: de 45 a 49 anos

feminino: de 45 a 49 anos

Veteranos D: masculino: de 50 a 54 anos

feminino: de 50 anos en adiante

Veteranos E: masculino: de 55 a 59 anos

Veteranos F: masculino: de 60 anos en diante.

CATEGORÍA	HORA SAÍDA	DISTANCIA
Infantís / Cadetes	10:30 h	4 km
Xuvenís / Absoluta	11:00 h	10 km
Alevíns	12:15 h	2 Km
Parellas	12:20 h	2,5 Km
Benxamíns	12:30 h	1.400 m
Prebenxamíns	12:45 h	1.000 m
Pitufos	13:00 h	250 m

6.- Como novidade este ano, teremos a carreira de parellas. As parellas poderán ser masculinas, femininas ou mixtas.

Correrán con dobre dorsal co mesmo número e terán que saír, correr e chegar xuntos á meta. Quedarán descalificadas as parellas nas que os seus membros cheguen por separado.

Terán que inscribirse cun nome para a parella e especificar os nomes de cada participante.

7.- Premios: Haberá trofeos para os tres primeiros clasificados/as de cada categoría e da absoluta. Haberá trofeo para o corredor e corredora de máis idade, e camisetas técnicas e avituallamento para os participantes na liña de chegada.

Haberá premios en metálico para os tres primeiros clasificados de cada unha das seguintes categorías:

ABSOL. MAS/FE	SENIOR MAS/FE	VET. A MAS/FE	VET. B MAS/FE	VET. C MAS/FE	VET. D MAS/FE	VET. E MASC.	VET. F MASC.	XUVENIL MAS/FE		
1º 150€	1º 30€	1º 30€	1º 30€	1º 30€	1º 30€	1º 30€	1º 30€	1º 30€		
2º 100€	2º 20€	2º 20€	2º 20€	2º 20€	2º 20€	2º 20€	2º 20€	2º 20€		
3º 75 €	3º 10 €	3º 10 €	3º 10 €	3º 10 €	3º 10 €	3º 10 €	3º 10 €	3º 10 €		

Estos premios non son acumulativos: Só se entregará o de maior cuantía. Para recollelo, terá que presentarse o interesado/a provisto de DNI.

O primeiro premio da absoluta masculino e feminino, ademais do premio en metálico e o trofeo, entregaráselles un bono dunha cea para dúas persoas.

Teremos un premio especial de 100 euros para os atletas, masculino e feminino, que establezan un novo record:

Masculino ano 2015: Víctor Riobó 33:04

Feminino ano 2015: Paula Mayobre 37:08

Premio de 100 euros para o clube con máis participantes que rematen a carreira.

8.- Inscricións: As categorías de Pitufos a Alevíns inscribíranse no correo electrónico clubatletismomorana@gmail.com ata o xoves 21 ás 14:00 h. Farán constar: nome, apelidos, data de nacemento, enderezo, DNI e teléfono.

Nestas categorías admitiranse inscricións na liña de saída ata unha hora antes da saída.

Para as carreiras absoluta, xuvenil, cadete e infantil as inscricións faranse na páxina www.emesports.es Os atletas locais deberán especificalo na inscrición. Os atletas federados deberán poñer a que club pertencen.

Prezo inscrición: 5 € para os inscritos ata o 12 de xullo.

7 € para os inscritos a partir do 13 de xullo

Categoría parellas: 7€ a parella

Categorías cadete e infantil: 1 €

Categorías de pitufo a alevín: gratuíta

9.- Os atletas deberán estar na liña de saída 10 minutos antes do comezo da carreira.

10.- Será motivo de descalificación calquera infracción grave ou comportamento antideportivo que estime a Organización.

11.- A Organización non se fará cargo dos obxectos de valor extraviados polos corredores.

12.- A participación supón a total aceptación deste regulamento. Todo corredor, polo feito de tomar a saída, acepta tanto o presente regulamento coma as decisións que tome a Organización en caso de dúbidas.

13.- Haberá duchas no Pavillón Municipal de Deportes, a 600 metros da liña de meta.

14.- Prégase aos atletas de todas as categorías entreguen un kilo de comida non perecedeira no lugar de entrega de dorsais, xa que é unha carreira solidaria.

15.- A ORGANIZACIÓN DA CARREIRA A PARTIR DAS 12:30 H SERVIRÁ PINCHOS PARA TODOS OS ATLETAS PARTICIPANTES. ADEMÁIS DOS HABITUAIS, ESTE ANO TEREAMOS PINCHO DE CARNEIRO Ó ESPETO.

